

Manuel Martín Ferrand recibe o Premio Diego Bernal de 2010

EUROPA PRESS

SANTIAGO. O xornalista coruñés Manuel Martín Ferrand recolleu onte en Santiago de Compostela o XV Premio Xornalístico Diego Bernal 2010, que outorga a Asociación de Xornalistas de Galicia, cunha alegación a favor da independencia e a liberdade.

Durante a súa alocución, na que repasou os seus primeiros pasos na profesión xornalística, na que leva 50 anos de traxectoria, Martín Ferrand recordou

algúns dos seus «mestres» neste oficio, como Álvaro Cunqueiro ou Juan Beneyto.

Ao seu xuízo, durante este medio século de exercicio do xornalismo tanto en prensa escrita, coma en radio e en televisión, «as cousas non cambiaron moito», posto que os xornalistas aínda proseguen «coa batalla pendente» de reforzar e reconsiderar o que é a súa tarefa. «Existen os tiranos porque previamente existen os escravos», concluíu.



Maneiro (esquerda) e Ferrand. EFE